



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE AGOSTO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte e nove de agosto de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto.

Non asiste presenta escusa don Ramón Boga Moscoso.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de agosto de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de agosto de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión (non asistiron dona Leonor Fernández Grande e dona Josefa Vázquez Soto), aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

- Orde do 5 de agosto de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 158, do 23 de agosto de 2016).

- Orde do 5 de agosto de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016. (Diario Oficial de Galicia número 158, do 23 de agosto de 2016).

- Orde do 5 de agosto de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se

procede á convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 160, do 25 de agosto de 2016).

3º. Proposta de aprobación de certificación de obra correspondente á obra “Reparación de danos ocasionados por temporais Xaneiro-Febrero 2014. Bribes e Mercurín (Anceis)”, investimento cofinanciado en virtude de Resolución de 4 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA REXISTRO
2016/C003/000002	CYS HISPANIA, SL	B74282781	2ª certificación obra "Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014. Bribes e Mercurín (Anceis)" (Subvencións por danos en infraestructuras municipais. Anualidade 2014.)	24.869,43 €	F/2016/4021	29/07/2016

Comprobado o cuadro aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 26 de agosto de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000002	CYS HISPANIA, SL	B74282781	2ª certificación obra "Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014. Bribes e Mercurín (Anceis)" (Subvencións por danos en infraestructuras municipais. Anualidade 2014.)	24.869,43 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.

4º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 19 ao 25 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da número 1329/2016 e remata coa resolución da alcaldía número 1360/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1329/2016	19/08/2016	Aprobar as liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xuño de 2016, por un importe total de 6907,16 euros
1330/2016	19/08/2016	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (C., S.L. e máis) por importe total 96.358,74 euros
1331/2016	19/08/2016	Convocatoria Xunta Goberno Local 22 de agosto de 2016
1332/2016	19/08/2016	Desestimar o recurso de reposición interposto por dona CCP, actuando en nome e representación de don DLG, contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio de data 16 de maio de 2016, respecto da colocación de toldo sen adaptarse á licenza concedida en Cervecería A Pequena, situada na rúa Ánxel Fole, O Temple. Solicitante: MMF
1333/2016	19/08/2016	Aprobar a realización da actividades de curso de monitor de actividades de tempo libre. Programa Trans-Fórmate 2106. Autorizar un gasto máximo por importe total de 3.455,00 €
1334/2016	19/08/2016	Expediente de xeración de créditos núm. 12/2016. Subministración e instalación de equipo de sonorización no pavillón polideportivo Sofía Toro de Cambre, por importe de 5.995,90 euros
1335/2016	19/08/2016	Expediente sancionador contra cervceria A Pequena, situada en Anxel Fole, O Temple
1336/2016	19/08/2016	Conceder a licenza para a romaría da asociación recreativa e cultural aires de Sigrás o día 20 de agosto de 2016. Solicitante: Asociación Recreativa e Cultural "Aires de Sigrás"
1337/2016	22/08/2016	Corrección erro material Resolución nº 1320 de data 12 de agosto de 2016, , no parágrafo segundo figura que existe crédito adecuado e suficiente segundo documento contable RC núm XXXXXXXXXX de data 05/08/2016, cando debería figurar segundo documento contable RC núm 22016003604
1338/2016	22/08/2016	Aprobación pago proxecto Zaranda 1º quincena de agosto de 2016, por importe de 480,00 euros
1339/2016	23/08/2016	Aprobar as cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre por importe de 48.137,15 euros
1340/2016	23/08/2016	Celebración voda civil de SMP e IDDS o 3 de setembro de 2016 ás 13:30 horas
1341/2016	23/08/2016	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de

		cadansúas obrigas (CE, S.L. e máis), por importe total de 20.419,67 euros
1342/2016	24/08/2016	Aprobación achega convenio promoción do baloncesto 2014/2015, por importe de 9.000 euros
1343/2016	24/08/2016	Aprobar as liquidacións do prezo público correspondentes ao "Campamento Urbano de Verán 2016-3ª quincena por un importe total de 3.592,50 euros
1344/2016	24/08/2016	Denegar axuda aluguer, segundo o disposto no artigo 22.1 da Ordenanza reguladora, a unidade familiar, non se cumpren os requisitos esixidos no artigo 2, non se cumpren os compromisos establecidos no proxecto de intervención. Solicitante: SLG
1345/2016	24/08/2016	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: APV
1346/2016	24/08/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000104 por existencia de maleza en finca sita en Bandebó, Brexo, a MFCL
1347/2016	24/08/2016	Conceder a licenza para instalación dun ascensor no edificio situado en Constitución, O Temple. Solicitante: P.A, S.L.
1348/2016	24/08/2016	Conceder a licenza para a obra instalación ascensor en edificio situado en Rúas, O Temple. Solicitante: comunidade de propietarios
1349/2016	24/08/2016	Aprobar as liquidacións do prezo público correspondentes ao "Campamento Urbano de Verán 2016-4ª quincena" por un importe total de 3.360,00 euros
1350/2016	24/08/2016	Aprobación da indemnización por importe de 235,785 euros, mais os intereses de demora que correspondan dende a data do sinistro (29 de decembro de 2014), derivada da reclamación por responsabilidade patrimonial presentada por dona YPF polos danos ocasionados no vehículo da súa propiedade, BMW matrícula 3848GJW, como consecuencia da caída dun sinal de tráfico na confluencia das rúas Otero Pedraio e Tapia
1351/2016	24/08/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: recurso reposición expte. 14411/2015
1352/2016	24/08/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (p 3673)
1353/2016	24/08/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (p 3689)
1354/2016	25/08/2016	Pagamento nómina mes de agosto de 2016, por un importe bruto de 314.945,40 euros
1355/2016	25/08/2016	Aprobación do Proxecto anual dos servizos sociais comunitarios municipais 2016 (Plan Concertado)
1356/2016	25/08/2016	Corrección erro Resolución nº 1355/2016 de data 25/08/2016, para aprobación do Proxecto anual dos servizos sociais comunitarios municipais 2016 e a probar o proxecto anual de desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente ao exercicio do 2016 por unha contía total de 760.551,60 euros
1357/2016	25/08/2016	Nomeamento funcionaria interina por acumulación de tarefas en Servizos Sociais de dona IRF

1358/2016	25/08/2016	Autorizar á ONG Mestura a que desenvolva a actividade de teatro performance na rúa o día 16 de setembro de 2016 ás 19:00 horas na praza Manuel Murguía da parroquia do Temple
1359/2016	25/08/2016	Recoñecemento acumulación permiso lactación e vacacións 2016 da funcionaria dona GDD
1360/2016	25/08/2016	Delegación de funcións dende o día 29 de agosto ao 4 de setembro, ambos os dous incluídos

5º.- Informes doutros asuntos de área

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio

Don Juan A. González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 25 asistiu á reunión, de carácter metropolitano, na mesa sobre o EDUSI (estratexias sobre desenvolvemento urbano sostible integrado), na Coruña. Informáronlle que se contratou a segunda fase para todo o ámbito metropolitano.
- O día 26 asistiu á reunión da área metropolitana, en mesa de transporte. Próponse a busca de alternativas para a accesibilidade en núcleos de baixa poboación.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 24 de agosto, en coordinación coa Axencia de Extensión Agraria da Consellería do Medio Rural, pecháronse as 20 prazas para o segundo curso de "Aplicación de produtos fitosanitarios" que dará comezo o vindeiro luns no Centro Municipal de Formación. Ademais destes alumnos, tamén terán a oportunidade de presentarse ao exame final os 5 alumnos que non foron aptos no exame do anterior curso.
- Mantivo unha reunión coa Asociación de Empresarios/as de Cambre (AEC), á que tamén asistiron o concelleiro de Urbanismo, técnicos deste departamento e o xefe da Policía Local, con motivo dun Mercado Templario que se vai desenvolver na parroquia do Temple os días 2, 3 e 4 de setembro.
- O 25 de agosto, xunto coa técnica de emprego dona Sonia Machín, recibiu a don Daniel Vázquez, da empresa Celta Ingenieros, que presentou un catálogo de equipos de protección individual de Seguridade (EPISI).
- O día 26 de agosto convocouse aos vendedores ambulantes do municipio para ofrecerlles a posibilidade de participar no Mercado Templario organizado pola AEC e xestionado por unha empresa privada.
- Recibíronse 6 ofertas de emprego procedentes de 5 empresas da comarca.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López